



I.E.S. Monte Castelo Os Matos, s/n; 27880 Burela (Lugo).

Tel: 982-828241, Fax: 982-828255

e-mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es

ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS/ EQUIPOS DE EMERXENCIA

1. PARA TODOS OS USUARIOS

- a. NORMAS XERAIS DE EVACUACIÓN
- b. INSTRUCIÓNS ORIENTATIVAS PARA OS ALUMNOS

2. PARA OS EQUIPOS DE EMERXENCIA

- a. EQUIPOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN
- b. RESPONSABLE DE PLANTA
- c. RESPONSABLE DE AVISAR A OS SERVIZOS DE AXUDA EXTERNOS
- d. RESPONSABLES DE DESCONECTAR AS INSTALACIÓNS
- e. RESPONSABLE DE ABRIR PORTAS EXTERIORES DO IES
- f. PROFESORADO
- g. PERSOAL PARA CONTROLAR O TEMPO TOTAL DE EVACUACIÓN
- h. RESUMEN DE FUNCIONS

1. PARA TODOS OS USUARIOS

a. NORMAS XERAIS DE EVACUACIÓN

A evacuación producirase cando exista un perigo que non se poida controlar e exista o risco de estenderse a todo o edificio afectando á seguridade das persoas.

O sinal que indique a necesidade de evacuación será:

TRES TIMBRAZOS LONGOS QUE SE REPETIRÁN CADA 15 SEGUNDOS DURANTE UN MINUTO.

Ó oír o sinal de evacuación, todos os ocupantes do centro escolar **deben dirixirse ao seguinte punto de reunión:**

PISTAS POLIDEPORTIVAS, SITUADAS NO FRONTAL DO IES

As saídas de emerxencia a utilizar son:

Na **planta baixa**: -porta lateral oeste
-porta frontal oeste
-porta frontal leste
-porta lateral leste

Na **planta alta**: -porta lateral oeste.
-escaleiras centrais para o lado leste

-escaleiras centrais para o lado leste

Anexo leste (taller artes) : porta de acceso o patio frontal

Anexo oeste (biblioteca e cafetería) : portas de acceso o patio frontal

Pavillón: porta de acceso oeste
porta leste
portas de emerxencia

A evacuación realizarase:

- **Ordenadamente** e sen correr, evitando situacións de pánico que poidan dificultar a saída dos ocupantes do edificio.
- **Sen volver cara atrás** para recuperar obxectos esquecidos.
- **Sen utilizar os ascensores** ou montacargas, se os houber, en caso de incendio poden bloquearse con persoas dentro.
- **Non se abrirán xanelas ou portas** que en caso hipotético de lume favorecerían as correntes de aire e propagación das chamas.
- Está **prohibido retirar os vehículos particulares da zona de aparcadoiro** do IES, no caso de que exista, pode dificultar o acceso de servizos de emerxencia.
- **Se existe fume, camiñar coa cabeza agachada**, tapándose, se é posible, as vías respiratorias, evitando desta forma a inhalación de gases tóxicos.
- A túa actitude pode marcar a reacción dos alumnos, **mantén a calma e a compostura**.

A evacuación comezará pola planta afectada polo perigo, seguindo o resto de plantas do edificio, desde a máis baixa á máis alta.

A orde de evacuación das aulas irá da máis próxima á saída á máis afastada.

Simultaneamente, os das plantas superiores mobilizaranse ordenadamente cara ás escaleiras máis próximas, pero sen descender ás plantas inferiores ata que os ocupantes destas desaloxasen a súa planta respectiva.

O desaloxo en cada planta realizarase por grupos, saíndo en primeiro lugar as aulas máis próximas á saída de emerxencia a utilizar, en secuencia ordenada e sen mesturarse os grupos. A orde concreta de desaloxo para cada caso particular do centro é a seguinte:

Planta baixa:

- **PORTA LATERAL OESTE**: 2º ESO B---1º ESO B---2º ESO A---1º ESO A.
- **PORTA LATERAL LESTE**: Aula Tecnoloxía--- CS AAFD.
- **PORTA FRONTAL OESTE**: 3º ESO A--NEE--SALA PROF--Grupo Específico-3º ESO B
- **PORTA FRONTAL LESTE**: A. Mentor---DPTOS CCSS FILOSOF --Taller Imaxe
--Usos Múltiples--- Plástica .

Planta alta:

- **PORTA LATERAL OESTE**: Informática--- Polivalente 1--- Lab Química--- Polivalente 2---Lab Sanidade--- 2º BAC B--- DPTOS F.Q.SAN--- 2º BAC A.
- **ESCALEIRAS LADO OESTE**: DPTO LINGUAS--- 4º ESO B--- 1º BAC A--- 1º BAC B--Lab Física.
- **ESCALEIRAS LADO LESTE**: 4º ESO A--- DPTOS CIEN.MAT.E FIS--- TAO- -- Lab Ciencias--- Taller de Enfermería--- Polivalente 3.

Os que evacúan polas **portas laterales do oeste tanto os da primeira planta como os da planta baixa**, seguirán ata as pistas polideportivas seguindo a acera pegados a parede do IES, e seguirán por diante da porta da biblioteca e cafetería ata as pistas polideportivas **¡NON CRUZARÁN POLO APARCAMENTO!**. Polo posible perigo de atropelo, en caso de necesidade de axuda exterior de bombeiros, ambulancia.....

Unha vez desaloxado o edificio, **os alumnos concentraranse no punto de encontro**, sempre baixo o control do Profesor responsable, quen comprobará a presenza de todos os alumnos do seu grupo.

a. INSTRUCCIÓNS ORIENTATIVAS PARA OS ALUMNOS

1. Segue sempre as instrucións do profesor.
2. Realiza todas as accións rápido pero sen perder a calma, sen atropelar nin empuxar aos teus compañeiros, e no máximo silencio.
3. Durante o desaloxo non deixar obstáculos que impidan a saída doutros compañeiros. Se ves algún obstáculo nas vías de evacuación retírao para evitar que outros compañeiros teñan dificultades.
4. Non levar consigo obxectos persoais que poidan dificultar a saída. Baixo ningún concepto vólvese atrás a recoller algún obxecto esquecido.
5. Non abrir xanelas, o aire facilita a propagación do incendio.
6. Pechar as portas de clase unha vez evacuada, pero sen botar a chave, así se evitan correntes de aire que axudan á propagación do incendio.
7. Baixar a escaleira con coidado e seguindo a fila pegado a parede
8. Non deterse preto das saídas. Podes obstaculizar a saída doutros compañeiros e evitar a chegada de equipos de axuda externa.
9. En caso de estar fora da túa aula cando soe a alarma, únete ó grupo de alumnos mais próximo e notifícallo o profesor dese grupo.

2.- PARA OS EQUIPOS DE EMERXENCIA

a.-EQUIPOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

Integrados por:

- Profesor ou persoa que atopa o incidente
- Profesores de garda
- Conserxes
- Membros do equipo directivo

O teu labor principal será **prestar primeiros auxilios e combater conatos de incendio con extintores portátiles (medios de primeira intervención) na súa zona de actuación (clase, planta, sector, etc.)**.

É recomendable que se actúes en parellas, para unha maior seguridade e eficacia.

Debes tentar atallar un conato de incendio, ou outra emerxencia, sempre que non poñas en perigo a túa propia integridade.

Se non podes controlar o incendio debes avisar ao Xefe de emerxencia(Director) que ordenará o sinal de alarma para que se produza a evacuación inmediata do centro. Esta sinal de alarma realizará a través de:

Timbre de alarma: Tres timbrazos longos cada 15 segundos durante un minuto

Avisarás ao Xefe de emerxencia a través de:

Teléfono móbil (indicar): 667 471 547

Outra forma de comunicación

b.- RESPONSABLE DE PLANTA

Debe ser o **profesor ou profesora que esté de garda** en caso de ausencia encargarse quen ocupe a aula máis afastada da saída da planta.

No Pavillón o responsable e o profesor que se encontra nel.

No anexo leste (Artes) : O profesor que se encontre alí

No anexo oeste (Biblioteca e cafetería): O profesor que se encontre na biblioteca.Na cafetería a responsable é a persoa que a regenta.

Entre as túas misións fundamentais están:

1. Controlar o tempo de evacuación da planta.

2. Comprobar que as **vías de evacuación estean libres** de obstáculos.

3. **Dirixir o fluxo de evacuación**, empezando coas aulas que estean máis próximas ás saídas de emerxencia da túa planta.

4. **Asegurar de que a planta estea completamente baleira**, mirando en servizos, aulas e calquera outra dependencia.

5. Asegurar de que todas as **portas e fiestras estean pechadas**. Así conséguese diminuír a chegada de osíxeno o que dificulta a expansión do incendio.

6. Evita que os ocupantes utilicen o ascensor ou montacargas.

7. Debes **informar o Xefe de emerxencia (Director) sobre a evolución da incidencia e o tempo de evacuación da túa planta**. Esta información realizarase a través da seguinte canle de comunicación:

Teléfono móbil (indicar): 667 471 547

Outra forma de comunicación

c.-RESPONSABLE DE AVISAR ÓS SERVIZOS DE AXUDA EXTERNOS

Ten como cometido avisar aos distintos medios de axuda externos en situacións que o requiren.

É importante ter, en lugar visible por todos, unha lista de teléfonos de emerxencias na que estean, polo menos, os seguintes teléfonos:

ORGANIZACIÓNS DE INTERESE.....	Nº TELÉFONO
Emerxencias:.....	112
Emerxencias Galicia.....	112-900 444 222
Policía Nacional:.....	091
Policia Local de Burela.....	629 823 171.Móvil..608 555 300
Garda Civil:.....	062...982585705
Garda Civil de Tráfico.....	982 586 004
GRUMIR- Grupo Municipal de Intervención Rápida.....	982 581 313
Bombeiros:..... Viveiro.....	982 570 909
HOSPITAL DA COSTA.....	982 589 900
Información Toxicolóxica:.....	91 562 04 20

Cruz Vermella:.....Delegación Burela.....982 581 452
Protección Civil Local:.....982 581 313
Concello de Burela..... 982 586 000-982 586 212

Ademais destes teléfonos de consulta para todos os usuarios do centro, é indispensable que coñezan os teléfonos do Xefe de Emerxencias:

Xeralmente o Director/a ou Xefe/a de Estudos do centro.....667 471 547

d.-RESPONSABLES DE DESCONECTAR AS INSTALACIÓNS

Nalgunhas situacións de emerxencia, como un incendio ou un terremoto, é necesario desconectar unha serie de instalacións, cuxo funcionamento pode pór en perigo aos usuarios do establecemento.

En caso de incendio ou terremoto desconectar:

- **Ascensores e montacargas.**
- **Subministración eléctrica.**
- **Gas.**

O modo de contacto co Xefe de Emerxencias será:

Teléfono móbil (indicar): 667 471 547

Outra (sinalar):.....

e.-RESPONSABLE DE ABRIR PORTAS EXTERIORES DO IES

Nas situacións de emerxencia que sexa precisa a evacuación do centro, é necesaria a apertura dalgunhas portas que, por razóns de seguridade, xeralmente están pechadas en horario lectivo.

Como responsable da apertura de tales portas debes abrir as seguintes portas:

Planta superior: Porta no extremo oeste do corredor.

Planta baixa: Portas frontais e portas laterais nos extremos dos corredores leste, e oeste .

O modo de contacto co Xefe de Emerxencias será:

Teléfono móbil (indicar): 667 471 547

Outra (sinalar):.....

f.-PROFESORADO

Si sonan tres timbrazos longos de alarma de evacuación xeral:

- **É moi importante que manteñas a calma.** Lembra que o teu estado de ánimo ten unha enorme repercusión sobre o posible comportamento dos alumnos que tes ao teu cargo.
- Como encargado da evacuación dos teus alumnos ordénalles que deixen inmediatamente de facer o traballo que estiveran facendo.
- Mantén ao alumnado en orde. Que se vaian **colocando en fila, dentro da propia aula** e sin recoller ningún obxecto persoal, para que cando nos avise o xefe de planta ou coordinador de planta, proceder a saír da mesma pegados a parede do corredor.
- **Non se iniciará a evacuación da aula ata que o ordene o grupo de evacuación.**
- Si houbera fume, todos tiraranse ó chan, procurando saír a gatas da aula.
- O profesor encargarse de que **fiestras e porta da aula queden pechadas**, e levará o parte con él ata o punto de reunión exterior donde fará o reconto do seu alumnado.
- O grupo deberá permanecer sempre unido e co seu profesor a cabeza, para seguir con mais facilidade as instrucións do grupo de evacuación e respectar a orde de desaloxo do xefe de planta
- A evacuación do edificio comezará sempre polo andar mais baixo, e o persoal que chegue a

unha planta inferior, esperará ata que se evacúe dita planta.

- A evacuación dun andar, comezará polas aulas mais próximas as portas ou escaleiras, e permitindo sempre o paso ós grupos que nos saian pola nosa dereita.
- De acordo co anterior, un grupo ou curso, esperará a que os seus compañeiros o sobrepasen para incorporarse eles a marcha. Todo isto deberá estar dirixido polo grupo de evacuación e axudado polos profesores.
- Ninguén intentará sobrepasar ós seus compañeiros, para evitar embotellamentos.
- Nas escaleiras baixarase pola zona da parede, deixando libre a zona do pasamanos para permitir o paso os equipos de emerxencia.
- Durante a evacuación, **non se falará**, salvo que sexa imprescindible, procurando estar atento as instrucións do grupo de evacuación.
- Si ó declararse unha emerxencia, **un alumno se encontra fora da súa aula, incorporárase o grupo mais próximo e informará o profesos encargado dese grupo.**
- Ninguén se deterá nas portas de evacuación, procurarase deixalas sempre libres.
- Respetarase o mobiliario e si houbera algún obstáculo, o primeiro grupo que o atope deberá apartalo
- Si en algún grupo hai un alumno con minusvalía, o profesor deberá sinalar que compañeiros de forma voluntaria axudarán a ese alumno en caso de emerxencia de evacuación.
- Si un alumno precisase axuda na evacuación, o profesor encargárase de que se lle preste a mesma de forma inmediata.
- En ningún caso utilizaremos o ascensor na evacuación.
- **Dirixete cos teus alumnos ao punto de encontro, previamente fixado: PISTAS POLIDEPORTIVAS (no frontal do IES)**
- Unha vez alí, **fai un reconto dos teus alumnos.**
- Unha vez rematada a evacuación, cada profesor deberá facer un informe de todo o acontecido durante a evacuación.

g.-PERSONAL PARA CONTROLAR O TEMPO TOTAL DE EVACUACIÓN

A persoa encargada será:

O Coordinador do plan de Autoprotección

Estará situada no exterior e controlará o tempo total de evacuación dende que soa a alarma ata que o director da emerxencia da por finalizada ésta.

h.- RESUMEN DE FUNCIONES

Coordinadores de Planta (Profesores de garda)

1. Un por planta, **coordínanse para autorizar o comezo da saída da planta seguinte** segundo a quenda de saída establecido.

Na súa ausencia, os profesores/as de grupo proceden se a vía de emerxencia está libre.

2. **Cada coordinador colócase un chaleco fosforescente, e un dispositivo para cronometrar o tempo.**

3. **Asegúrase de que na planta non queda ninguén** nas dependencias, portas, luces, xanelas, botellas de gas de laboratorios e cociñas quedan pechadas.

4. **Sae da planta en último lugar, e informa o Xefe de Intervención (Xefe estudos) e de Emerxencias (Director).**

5. O coordinador do plan de Autoprotección ou o Xefe de Emerxencias controlará o tempo total tardado durante a evacuación.

6. Asignarase con antelación un aula de confinamiento por si fora necesario en caso de simulacro e/ou emerxencia real, segundo as circunstancias o Xefe de Emerxencias indicará o modo de proceder.

Profesor/a de Grupo

1. Ao ouvir a alarma, **non actuar con precipitación** e indicar ao grupo que comeza a evacuación.
2. **Seguir as instrucións. Cada dependencia do IES dispón dun cartel plastificado coas normas xerais e un plano para saber segundo donde se atope por donde ten que sair.**
3. Cada Profesor responsabilizase de controlar os movementos do grupo ao seu cargo, e ademais, **seguirá as instrucións que vaia recibindo dos Coordinadores de Planta.**
4. **Comprobar a presenza de todo o grupo mediante reconto, e informar o Xefe de Emerxencias.**

Responsables de Discapacitados

1. **O profesor/a de aula e varios/as alumnos/as colaboradores/as axudarán** a quen sufran caídas, minusválidos ou teñan dificultades motrices permanentes e/ou transitorias (perna escayolada, escordadura de nocello, etc.) se os houbese. **Se non é posible, o profesor/a espera ao equipo de axuda, e o delegado/a á cabeza e o subdelegado/a na cola, fanse cargo da evacuación do grupo ata o lugar de encontro.**
2. Ademais, se **fixese falta prestar máis axuda, os Coordinadores de Planta pedirán reforzos ao persoal dispoñible sen alumnado. Informarán o Xefe de emerxencias.**

Equipo de Primeiros Auxilios

1. O profesor/a de aula e varios alumnos/as axudan ás persoas accidentadas.
2. O Equipo de Primeiros Auxilios, designado polo Xefe de Emerxencias, presta auxilio ás persoas lesionadas e valoran se algunha require traslado.
3. Informa ao Responsable das comunicacións, das posibles persoas lesionadas na evacuación e da localización dos feridos (se os houbese), para que sexan atendidos polo persoal especializado dos servizos externos de emerxencia..

Persoal de Cafetería-bar

1. **Comproba o nº de persoas que están na cafetería, e sae coas persoas que se atopen nela cara o punto de encontro, asegurándose de que a cafetería queda baleira, cerra a porta .**
3. **Segue as instrucións do Xefe de emerxencias e infórmalle das incidencias.**
4. **Colabora solidariamente na evacuación.**